



FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2024 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Fundación Galicia Europa é unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico, creada en 1988, que ten como obxectivo xeral promover o achegamento entre Galicia e Europa.

Ademais da previsión establecida no Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, a Fundación Galicia Europa aparece regulada na disposición adicional segunda da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Tal e como se prevé na citada norma, a Fundación Galicia Europa, configúrase como unha entidade instrumental do sector público autonómico sen ánimo de lucro que opera, ademais, sometida ao dereito local foráneo onde desenvolve as súas actividades. Ten o mandato da Administración autonómica para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado. A Fundación estará adscrita e sometida á tutela funcional do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior da Administración autonómica.

A Xunta de Galicia é membro fundador da Fundación Galicia Europa xunto con outras institucións como ABANCA. Ambas son membros do actual padroado xunto co Consorcio da Zona Franca de Vigo, as deputacións de Coruña e Lugo e a Axencia Galega de Innovación.

A FGE ten a sede en Santiago de Compostela e dispón dunha oficina en Bruxelas.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E5	Gobernanza

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E5	PA53	Reforzo de autogoberno e coordinación interadministrativa

Respecto das funcións que lle son propias á Fundación Galicia Europa, ao longo do seus máis de 30 anos de historia, o traballo da FGE tense materializado en catro grandes ámbitos de acción que responden aos seguintes obxectivos:

- I. Defender os intereses de Galicia perante a Unión Europea;

2. Informar sobre a Unión Europea en Galicia;
3. Formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia,
4. Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2024	2025	2026
OE53.01	Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento	903.477	883.945	871.428
TOTAL		903.477	883.945	871.428

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2024	2025	2026
0001	Defender os intereses de Galicia perante a Unión Europea	284.025	302.099	290.331
0001	Formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia	274.365	276.542	276.167
0001	Informar sobre a Unión Europea en Galicia	114.491	119.669	119.294
0001	Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos	230.596	185.636	185.636
TOTAL		903.477	883.946	871.428

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2024	2025	2026	UNIDADES
a	Defensa dos intereses galegos ante a Unión Europea	300	300	300	
b	Información sobre a UE en Galicia	450	450	450	
c	Formación e sensibilización en temas europeos	12	12	12	
d	Promoción particip. galega en proxectos europeos	80	80	80	

En 2024, prevé desenvolver as seguintes actividades:

I. Defensa dos intereses galegos ante a Unión Europea

- Seguimento dos últimos expedientes a debate no último ano da lexislatura do Parlamento Europeo, que celebrará eleccións en xuño, e antes da renovación da Comisión Europea en outono. Especial atención á lexislación do paquete "Obxectivo 55" para reducir as emisións de efecto invernadoiro e a súa repercusión en Galicia.

- Defensa dos intereses galegos no debate comunitario sobre o seguinte orzamento comunitario despois de 2027, en particular sobre o peso da política de cohesión dentro del e tendo en conta a revisión a medio prazo do marco financeiro 21-27.
- Contribución ao debate sobre a transición enerxética no ámbito da pesca e defensa dos intereses galegos no marco da Política Común de Pesca co liderado no Comité Europeo das Rexións dun ditame sobre este tema.
- Seguimento das novidades en materia de transporte e apoio ás reivindicacións galegas no marco da revisión da Rede Transeuropea de Transportes.
- Seguimento e apoio á posible creación dunha Macrorrexión Atlántica.
- Apoio á Axencia Galega de Innovación no seguimento das prioridades e os programas europeos relacionados coa innovación a nivel europeo.
- Apoio ao IGAPE para a súa participación en diversas iniciativas europeas coas que se apoia a transformación da industria da automoción cara ás cero emisións.
- Apoio á AMTEGA para a súa participación no proxecto Govtech4all e no debate a nivel europeo sobre o desenvolvemento da IA.
- Apoio a ATURGA para a súa participación na rede de cooperación rexional NECS-TOUR
- Organización de seminarios e fomento da participación galega na Semana Europea das Rexións e das Cidades
- Apoio á participación de Galicia no Foro Celta creado en 2023 a iniciativa de Bretaña
- En xeral, posta a disposición da Xunta de Galicia de asesoramento técnico e o apoio para asegurar unha activa participación da comunidade autónoma nos foros europeos de carácter institucional ou asociativo dos que é membro ou nos que está invitada a pronunciarse, como o Comité Europeo das Rexións e a Conferencia de Rexións Peri-féricas e Marítimas.
- Apoio á participación da Xunta de Galicia no Consello da UE en materia de Medioambiente durante o segundo semestre de cara a asegurar unha efectiva coordinación das comunidades autónomas.
- Organización de encontros periódicos virtuais entre a Xunta de Galicia e a Comisión Europea co obxectivo de debater sobre distintos temas da axenda comunitaria, así como explicar ante a Comisión Europea o traballo desenvolvido pola Xunta de Galicia.

- Organización de visitas institucionais a Bruxelas e de reunións virtuais coas institucións comunitarias

- Elaboración dun informe cuatrimestral para o Consello da Xunta sobre a defensa dos intereses galegos perante a UE

2. Información sobre a Unión Europea en Galicia

- Envío de información europea a Galicia a través de notas informativas, contactos directos cos departamentos da Xunta de Galicia, o portal web e as redes sociais (LinkedIn e Twitter).

- Envío aos departamentos da Xunta de Galicia das consultas públicas que abre a Comisión Europea, das preguntas en relación con Galicia formuladas por deputados do Parlamento Europeo e das peticións abertas na comisión de Peticións da EuroCámara tamén relacionadas coa nosa comunidade.

- Publicación e envío a máis de 1.000 subscritores dun boletín electrónico mensual sobre actualidade comunitaria dende un punto de vista galego no que tamén se informa sobre a participación galega nos asuntos europeos e se seleccionan as convocatorias máis relevantes de programas de financiamento, as consultas públicas e eventos europeos de interese.

- Baixo a etiqueta #Euroxuventude, información á mocidade galega sobre as distintas iniciativas e programas europeos deseñados para eles, así como sobre as saídas profesionais en organismos internacionais e nas institucións comunitarias co apoio da guía online sobre este tema que vén actualizando a FGE dende hai varios anos.

3. Formación e sensibilización en temas europeos

- Convocatoria de bolsas dirixidas a titulados superiores, para a realización de prácticas en asuntos europeos na oficina da FGE en Bruxelas, así como acollemento en prácticas de estudantes de graos e mestrados universitarios da Universidade de Santiago de Compostela.

- No marco de #Euroxuventude, organización de actos divulgativos sobre as oportunidades que ofrece a UE para a mocidade.

- Campaña informativa en redes sociais sobre as Eleccións Europeas 2024 para animar á participación galega nestes comicios

- Actualización da Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais, adaptación ao público portugués, tradución a esta lingua e publicación na web.

4. Promoción da participación de entidades galegas en proxectos europeos

- Continuación do programa de especialización en financiamento comunitario "Te-europa" e dinamización da rede de especialistas co mesmo nome formada por profesionais ao servizo de entidades galegas susceptibles de optar a fondos da Unión Europea.
- Asesoramento aos actores galegos interesados en participar en proxectos europeos
- Difusión da Guía de Financiamento Comunitario 2021-2027. Adaptación ao público portugués, tradución a esta lingua e publicación no sitio web.
- Participación da propia FGE en varios proxectos relacionados coa dinamización da xuventude no eido rural: RUYOU, DYAS, RuralYouthFuture e YouLeaders

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
Adquisición sede Bruxelas	2.008	2.015	2.190.996	0	
Inmobilizado intanxible	2.024	2.024	0	0	
Inmobilizado material	2.024	2.024	172.236	6.000	
		TOTAL	2.363.232	6.000	

As inversións previstas pola Fundación Galicia Europa son en inmovilizado material, por un importe de 6.000€

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Santiago de Compostela	147.177	225.783	0
Bruxelas	355.492	169.025	6.000
TOTAL	502.669	394.808	6.000

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2024	2025	2026
Aluguer espazos oficina de Bruxelas	10.500	6.000	6.000
Aportación anual ABANCA	40.000	40.000	40.000
Aportación anual Consorcio Zona Franca de Vigo	18.000	18.000	18.000
Aportación anual Deputación da Coruña	15.000	15.000	15.000

INGRESOS	2024	2025	2026
Aportación anual Deputación de Lugo	15.000	15.000	15.000
TOTAL	98.500	94.000	94.000

Os ingresos da Fundación Galicia Europa proveñen fundamentalmente das aportacións dos seus membros, polos convenios que veñen mantendo con distintas Consellerías e Organismos da Xunta de Galicia e polo aluguer de espazo da oficina de Bruxelas a distintas entidades.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Axencia Galega de Innovación (GAIN)	29.867	23.211	33.089
Consellería de Política Social	42.500	42.500	42.500
IGAPE	6.000	0	0
V. primeira e C. Presidencia, Xustiza e Deportes	640.417	678.776	705.434
TOTAL	718.784	744.487	781.023

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Subvencións Correntes Recibidas do Estado			
Subvencións Correntes Recibidas da UE	5.645	35.320	66.454
TOTAL	5.645	35.320	66.454

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Nº Empregados	6	7	7
Custo Total	395.774,82	495.290,1	502.669,07
Custo Medio	65.962,47	70.755,73	71.809,87

Recóllese os gastos correspondentes a salarios, seguridade social a cargo da Fundación e outros custos de persoal dos traballadores incluídos no cadro de persoal da FGE.

Os membros do Padroado non perciben salario o retribución pola súa asistencia a reunións na súa condición de membros.

Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026
621 Arrendamentos	4.300	5.945	6.636	6.636	6.636
622 Mantemento, limpeza e reparacións	28.923	26.704	29.394	27.620	27.620
623 Servizo prof. independentes	70.759	70.339	84.341	51.840	51.840
625 Primas de seguros	2.565	2.860	3.200	3.200	3.200
626 Servizos bancarios	622	750	650	650	650

DESCRIPCIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026
627 Relacións públicas	9.618	6.670	10.200	10.200	10.200
628 Subministracións	8.109	6.600	6.600	6.600	6.600
629 Outros gastos	59.724	83.293	92.721	114.464	101.946
TOTAL	184.620	203.161	233.742	221.210	208.692

Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Dotación amortización inmovilizado intanxible	2.458	3.539	3.539
Dotación amortización inmovilizado material	51.093	63.951	48.961
TOTAL	53.551	67.490	52.500

A dotación da amortización dos elementos de inmovilizado material efectúase seguindo un método lineal a partir da posta en condición de funcionamento dos bens, en base aos anos de vida útil estimados para cada elemento ou grupo de elementos aplicándose un 2% ao edificio, un 10% ao mobiliario e un 25% aos equipos informáticos, sendo a porcentaxe para os elementos de inmovilizado inmaterial dun 25%.

A dotación total para amortizacións elévase a 52.500 euros.

Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Bolsas de formación en asuntos relacionados coa UE	76.298	74.063	110.386
TOTAL	76.298	74.063	110.386

Inclúense as bolsas para a realización de prácticas de formación en asuntos relacionados coa UE.

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Remanente de Tesourería

	2022	2023
1. Fondos líquidos	1.230.062	1.293.192
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	78.900	14.256
Do orzamento corrente	78.900	14.256
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	93.505	93.505
Do orzamento corrente	86.686	93.505
De orzamentos pechados	6.819	
De operacións non orzamentarias		

	2022	2023
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	1.215.457	1.213.943
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	1.215.457	1.213.943

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Inmovilizado intanxible	0	0	0
Inmovilizado material	164.236	2.000	6.000
TOTAL	164.236	2.000	6.000

A Fundación ten previsto adquisicións de inmovilizado material por importe de 6.000 euros.

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

As actuacións da FGE fináncianse a través das aportacións ás que se comprometen os membros cando aproban o orzamento anual. Como membro fundador, a Xunta de Galicia inclúe no programa III E a súa achega de 710.872 €

As achegas dos demais membros son as seguintes:

ABANCA: 40.000€

Consortio Zona Franca de Vigo: 18.000,00€

Deputación da Coruña: 15.000€

Deputación de Lugo: 15.000€

Axencia Galega de Innovación (GAIN): 33.089€

O financiamento da Fundación complétase co importe obtido do aluguer dunha parte da oficina en Bruxelas e da firma de convenios de colaboración con outros organismos.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario F.01

FUND. GALICIA EUROPA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) Activo non corrente		1.684	1.629	1.583
I. Inmobilizado intanxible		12	8	5
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas	12	8	5	
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmobilizado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmoebles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens móbiles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmobilizado material	1.672	1.621	1.578	
1. Terreos e construcións	1.504	1.460	1.416	
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material	6	161	162	
3. Inmobilizado en curso e anticipos	162			
IV. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Inversións en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente	1.309	1.307	1.360	
I. Existencias				
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia				
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	65			
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos				
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	65			
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario F.01

FUND. GALICIA EUROPA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo	2	2	2
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros	2	2	2
	VI. Periodificacións a curto prazo	13	13	13
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	1.230	1.293	1.346
	1. Tesourería	1.230	1.293	1.346
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	2.993	2.936	2.942

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario F.02

FUND. GALICIA EUROPA

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) Patrimonio Neto		2.900	2.843	2.849
A-1) Fondos propios		2.841	2.843	2.849
I. Dotación fundacional/Fondo social		527	527	527
1. Dotación fundacional/Fondo social		527	527	527
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas		2.313	2.314	2.316
1. Estatutarias		2.313	2.314	2.316
2. Outras reservas				
III. Excedentes de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)				
IV. Excedente do exercicio		2	2	6
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		59		
I. Subvencións		59		
II. Doazóns e legados				
B) Pasivo non corrente				
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		94	94	94
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores		69	69	69
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		25	25	25
1. Proveedores				
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios				
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		25	25	25
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		2.993	2.936	2.942

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario F.03

FUND. GALICIA EUROPA

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		807	868	935
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios		88	88	88
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións				
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio		719	780	847
d) Reintegro de axudas e asignacións				
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil		7	9	11
3. Gasto por axudas e outros		-78	-77	-116
a) Axudas monetarias		-78	-74	-110
b) Axudas non monetarias				
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno			-3	-5
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados				
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación				
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo				
6. Aprovisionamentos				
7. Outros ingresos de explotación				
8. Gastos de persoal		-461	-495	-503
a) Soldos, salarios e asimilados		-377	-393	-399
b) Cargas sociais		-84	-103	-104
c) Provisións				
9. Outros gastos de explotación		-226	-249	-279
a) Servizos exteriores		-185	-205	-234
b) Tributos		-41	-44	-45
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais				
d) Outros gastos de xestión corrente				
10. Amortización do inmovilizado		-54	-67	-53
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio		6		
12. Excesos de provisións				
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado				
a) Deterioros e perdas				
b) Resultado por alleamentos e outras				
14. diferenca negativa de combinacións de negocio				
15. Outros resultados			4	
Gastos excepcionales				
Ingresos excepcionales			4	
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)		2	-8	-4
16. Ingresos financeiros			10	10
a) De participación en instrumentos do patrimonio				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			10	10
17. Gastos financeiros				
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas				
b) Por débedas con terceiros.				
c) Por actualización de provisións				
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros				
19. Diferencias de cambio				
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros				
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro				
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro				
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)			10	10
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		2	2	6
23. Imposto sobre beneficios				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)		2	2	6
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				
1. Subvencións recibidas				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario F.03

FUND. GALICIA EUROPA

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	2. Doazóns e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)			
	C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO			
	1. Subvencións recibidas	59		
	2. Doazóns e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)	59		
	D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)	59		
	E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO			
	F) AXUSTES POR ERROS			
	G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL			
	H) OUTRAS VARIACIÓN			
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	60	2	6

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario F.04

FUND. GALICIA EUROPA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	2	2	6
2. Axustes no resultado	48	53	43
a. Amortización do inmovilizado (+)	54	67	53
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)	-6		
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)		-10	-10
h. Gastos financeiros (+)			
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)		-4	
3. Trocos no capital corrente	-56		
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-47		
c. Outros activos correntes (+/-)	-9		
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	1		
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.		10	10
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)		10	10
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-6	65	59
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-164	-2	-6
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)			
c. Inmovilizado material (-)	-164	-2	-6
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-164	-2	-6
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	64		
a. Aportacións a toción fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)	64		
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario F.04

FUND. GALICIA EUROPA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	64		
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	-106	63	53
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	1.336	1.230	1.293
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	1.230	1.293	1.346

